



CIRCULAR INFORMATIVA 8/2019

1. ASESORAMENTO E CONSULTAS CUN TÉCNICO DA MUTUALIDADE

O vindeiro 13 de xuño contaremos neste colexio coa presenza dun técnico da Mutualidade para asesorar persoalmente a cada colexiado/mutualista sobre todo o relacionado cos seus plans e coberturas na Mutualidade.

Horario de entrevistas (con solicitude previa de hora)

- Pola mañá, de 9.30 a 14.00 h, na sede colexial dos xulgados das Fontiñas
- Pola tarde, de 17.00 a 19.00 h, na sede colexial de Eduardo Pondal

Dirixido a

Colexiados/mutualistas interesados en realizar calquera xestión, consulta, así como obter información sobre a súa situación como mutualistas

Co fin de organizar estas reunións, que terán unha duración aproximada de 20 minutos, cómpre **concertar unha hora** na secretaría do colexio. Estas citas poderán solicitarse chamando ao teléfono 981 581 713 (ext. 3, Rebeca) **antes do día 10 de xuño ás 14.00 h.**

2. VISITAS CULTURAIS 175 ANIVERSARIO: EXPOSICIÓN “DA VINCI THE EXHIBITION”

No marco dos actos que organiza este Colexio co gallo do seu 175 aniversario, programouse unha visita á exposición “Da Vinci The Exhibition”. Coincidindo co 500 aniversario da morte de Leonardo Da Vinci, Compostela acolle esta exposición interactiva, na que os visitantes poderán manipular algúns dos inventos deste xenio universal, amais de afondar de maneira didáctica no seu gran coñecemento humanista e artístico.

Día: venres, 14 de xuño

Hora: 17.00 h

Lugar: mosteiro de San Martiño Pinario

Duración da visita: 90 minutos

Prazas: 50

Custo: 5 euros (o Colexio subvenciona unha parte)

Inscripción: na secretaría do Colexio antes do 10 de xuño ás 14.00 h



3. GUÍA COLEXIAL 2019

Nos vindeiros días os colexiados recibirán no seu despacho a nova edición en papel da *Guía Colexial 2019*.

A versión en PDF desta guía xa está dispoñible para descarga na páxina web:
<https://www.icasantiago.org/wp-content/uploads/2019/05/sfdk4589653217.pdf>

4. CELEBRACIÓN DO DÍA DA XUSTIZA GRATUÍTA O 12 DE XULLO

Con motivo da celebración do Día da Xustiza Gratuíta o vindeiro 12.07.2019 e coincidindo este ano coa programación dos actos do 175 aniversario deste Colexio, a Avogacía de Compostela despregará un stand na praza do Toural o 12 de xullo, de 10.00 a 13.30 h, co fin de divulgar entre a cidadanía de todo o relacionado co beneficio da asistencia xurídica gratuíta e o labor que desempeñan os letrados e as letradas da quenda de oficio.

Para levar a cabo esta actuación especial, abrimos un prazo ata o 14.06.2019 para que aqueles letrados que forman parte do servizo de asistencia ao detido e quenda de oficio soliciten ante a secretaría deste Colexio poder colaborar como voluntarios para ofrecer información á cidadanía no dito stand.

5. CONFERENCIAS DOS LUNS: “FISCALIDADE NO EXERCICIO PROFESIONAL”

O Colexio de Avogados ofrecerá de forma **telemática** dende o salón de actos esta conferencia programada polo CXAE dentro do seu plan de formación “Conferencias dos luns”.

Día: luns, 10 de xuño

Hora: a partir das 16.25 h

Lugar: salón de actos (retransmisión telemática dende a sede do CXAE)

Custo: gratuíta

Inscripción: libre ata completar a capacidade do salón

Programa:

16.25 h Presentación da sesión

16.30 h

“Fiscalidade no exercicio profesional”

Despacho no fogar familiar; despachos colectivos; provisión de fondos; custas procesuais; criterio de caixa; facturas impagadas

Relator: **D. Pablo Pedrajas**, avogado